




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral

de Desenvolvemento Pesqueiro

gáLICIA



Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMP
Medida 4.1. Porcentaxe cofinanciamento: 85% FEMP e 15% Estado membro

ACORDO DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE ESTABLECE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE ESTRATEGIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVAS (EDLP) POLAS ASOCIACIÓNES CANDIDATAS SELECCIONADAS A GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP) 2014-2020

Antecedentes

1. O 16 de abril de 2015 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde de 6 de abril de 2015 (DOG Núm. 71 do 16 de abril de 2015) pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estrategias de desenvolvimento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.

2. O 31 de xullo de 2015 a Conselleira do Medio Rural e do Mar resolveu seleccionar ás seguintes asociacións, candidatas a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estrategias de desenvolvimento local participativas: Grupo acción costeira "A Mariña-Ortegal", Grupo de acción local do sector pesqueiro "Golfo Artabro Norte", Grupo de acción costeira "Costa da Morte", Grupo de acción costeira "Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia", Grupo de acción costeira "Ría de Arousa", Grupo de acción costeira "Ría de Pontevedra", Grupo de acción costeira "Ría de Vigo-A Guarda".

3. As asociacións candidatas seleccionadas asinaron convenios de colaboración coa consellería do Mar para a elaboración dunha estratexia de desenvolvimento local participativa na zona pesqueira, para o cal dispuxeron da denominada "axuda preparatoria" para os gastos xerados a partir do momento en que foron seleccionadas. Na cláusula quinta dos convenios establecese que a asociación candidata a GALP presentaría a EDLP á consellería do mar no prazo fixado por acordo da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Fundamentos de derecho

De conformidade co Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Coheisión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello.

De conformidade co Regulamento (UE) 508/2014 (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

De conformidade co Programa Operativo para España do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca aprobado por Decisión de execución da Comisión de 13.11.2015 C(2015) 8118 final.

De conformidade coa Orde de 6 de abril de 2015 (DOG Núm. 71 do 16 de abril de 2015) pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estrategias de desenvolvimento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral

de Desenvolvemento Pesqueiro

galicia



Unión Europea

Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMP
Medida 4.1. Porcentaxe cofinanciamento: 85% FEMP e 15% Estado membro

De conformidade co exposto, **ACORDO**

Establecer o prazo de presentación das estratexias de desenvolvemento local participativas (EDLP) ante a Consellería do Mar polos candidatos seleccionados a GALP dende o 19 de novembro ao 30 de novembro de 2015.

Esta acordo publicarase na páxina web www.xunta.es/mar.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2015

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo